

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO 15 DE XUÑO DE 2019.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.**
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.**
- D. Manuel Varela Mecías.**
- D^a María Amparo Calvo González.**
- D. Manuel Beceiro Couce.**
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.**
- D. Tomás Calvo García.**
- D^a María Belén Trigo Meizoso.**
- D^a María Esther Díaz Vergara.**
- D. José Luis Hermida Prieto.**
- D. Lois Anxo Rodríguez Calvo.**

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

Na localidade de San Sadurniño, ás once horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para levar a cabo a constitución do novo Concello de San Sadurniño, vistos os resultados das eleccións do día 26 de maio de 2019, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo secretario-interventor, que dá fe do acto.

Iníciase a sesión coa formación da Mesa de Idade, para o cal o secretario da corporación, unha vez declarada aberta a sesión, le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e, atendendo ao disposto nel, procédese a constituír a mesa de idade, integrada polos Concelleiros Sr. Varela Mecías, o de maior idade, que a preside, e Sra. Díaz Vergara, a de menor idade. De seguido, o secretario chama a cada concelleiro electo para que, previamente acreditada a súa personalidade, ocupen o seu lugar. Iníciase de seguido os trámites para a

CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Unha vez constituída a mesa de idade e xa que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, infórmase de que Secretaría-Intervención puxo á disposición dos señores concelleiros electos a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao inventario de bens da corporación. Despois, o secretario da mesa procede a ler todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas. Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros



electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o presidente da mesa de idade invita os concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, sen que haxa ningunha manifestación por parte deles.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorre a esta sesión a totalidade dos concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

Despois de que o secretario do Concello lea o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os señores concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro (ou prometo), pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de San Sadurniño, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos, que se manifestan da seguinte maneira:

- D. Secundino García Casal: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D^a María del Carmen Muiño Filgueira: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D. Manuel Varela Mecías: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D^a María Amparo Calvo González: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D. Manuel Beceiro Couce: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D^a Ana Belén Breijo Gundín: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.



- D. Tomás Calvo García: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San Sadurniño.

- D^a María Belén Trigo Meizoso: Xuro.

- D^a María Esther Díaz Vergara: Xuro.

- D. José Luis Hermida Prieto: Prometo, en defensa do interés xeral de San Sadurniño.

- D. Lois Anxo Rodríguez Calvo: Prometo.

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o presidente da mesa declara constituído o Concello de San Sadurniño despois das eleccións municipais do día 26 de maio de 2019, iniciándose de seguido o procedemento para a elección de Alcalde.

ELECCIÓN DO ALCALDE

O secretario do concello procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e iníciase á elección do alcalde-presidente da corporación:

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

O presidente da mesa de idade pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran. Estes maniféstanse no seguinte sentido:

- D. Secundino García Casal (BNG) mantén a súa candidatura.
- D^a María Belén Trigo Meizoso (PP) mantén a súa candidatura.
- D. Lois Anxo Rodríguez Calvo (PSOE) mantén a súa candidatura.

Procédese logo á proclamar os candidatos á alcaldía do concello.

b) Elección do sistema de votación

Despois da proclamación dos candidatos, o presidente da mesa invita os concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) pera elixir o alcalde.

Unha vez elixido o sistema de votación secreta, facilítase a cada elector unha papeleta en que figuran os nomes e apelidos dos candidatos á alcaldía, indicando que deberán marcar cun X o candidato ao que lle conceden o seu voto.

Procédese a continuación á votación secreta por parte dos señores concelleiros, que son chamados polo presidente da mesa de idade e depositan o seu voto sobre a mesa, diante da presidencia. Os integrantes da mesa de idade son os últimos en depositar os seus votos.

Despois de rematar a votación, realízase o escrutinio dos votos emitidos, que son lidos en voz alta polo presidente da mesa de idade, co seguinte resultado:



- D. Secundino García Casal, candidato do BNG, número de votos: 7.
- D^a María Belén Trigo Meizoso (PP), número de votos: 3.
- D. Lois Anxo Rodríguez Calvo (PSOE) número de votos: 1.

En consecuencia e á vista do resultado da votación, obtendo o Sr. García Casal a maioría absoluta, o presidente da mesa de idade procede a proclamar Alcalde-presidente da corporación a D. Secundino García Casal, cabeza de lista do BNG.

c) Toma de posesión.

A continuación, de conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o secretario procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde-presidente do Concello de San Sadurniño, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».


Seguidamente, o alcalde maniféstase da seguinte maneira: Si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de San sadurniño.

Despois de realizar a promesa, o Alcalde electo pasa a ocupar a presidencia da sala, polo que queda disolta a mesa de idade.

A continuación, o Alcalde electo toma a palabra e dirixe as seguintes palabras ós asistentes:

“Benqueridos veciños e veciñas, estimados compañeiros e compañeiras de corporación, amigas e amigos. Quero comezar agradecendo a todas aquelas persoas que confiaron en min e na miña forza política, pero tamén quero mostrar a miña gratitude a todas aquelas persoas que lexitimamente confiaron nos outros grupos políticos. A miña obrigación, desde este momento que son novamente investido Alcalde, é ser o Alcalde de todos e todas vos, independentemente da opción política que cada quen. Tamén o meu agradecemento a todas as persoas da miña organización política que fixeron que hoxe estea eiquí sentado, á miña xente e a todas as persoas que me queren. A felicidade que hoxe sinto quero compartila con todos eles. Tampouco me quero esquecer dos que foron compañeiros e compañeiras de Corporación durante estes doce anos e que hoxe xa non están aquí sentados e que puxeron todo ou seu empeño e esforzo constante traballando por San Sadurniño. Quero felicitar tamén a todos os concelleiros e concelleiras da Corporación que hoxe se constitúe.

Independentemente da candidatura da que formásemos parte e da adscrición ideolóxica de cada un, encomendáronnos a todos e cada un de nós unha importante tarefa: traballar polo noso pobo, polo seu presente e polo seu futuro. Estou completamente seguro que cada un de nós, desde o lugar que nos corresponda polo mandato popular, deixaremos o mellor de nós mesmos para non defraudar este importante caudal de confianza. Pero tamén sinto hoxe unha enorme responsabilidade. Unha responsabilidade concreta e directa ante todos os cidadáns -os que nos votaron e os que non-, que






San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

esperan do seu alcalde e da equipa de goberno máis feitos que palabras, máis solucións que conflito e sobre todo máis esperanzas. Creo que a xestión pública honesta debese levar a cabo desde uns principios moi concretos. Unhas conviccións nas que creo profundamente, e coas cales, a xestión municipal alcanza a súa verdadeira natureza e dimensión de servizo público á sociedade e á cidadanía. Estes principios son: o traballo incansable, o diálogo permanente e a proximidade aos verdadeiros problemas dos cidadáns e cidadás. Sen estes tres alicerces, sen a coherencia e compromiso coa ideoloxía que nos fai loitar por eles e, fundamentalmente, sen o noso afán por traballar sempre de forma decidida, o noso labor no Concello non tería sentido.

Sen dúbida, hoxe é un día "fermoso" na miña vida e na dos que me acompañan nesta nova andaina, e imos poñer todo o noso empeño en facer do noso mundo un lugar máis xusto e solidario, porque non é tolo o que cre nunha idea xusta e a defende, tolo é o que non tenta loitar contra a inxustiza cando cre que non lle afecta ou se conforma cando lle prexudica. Nós non nos conformamos e, con vos á fronte desa loita, San Sadurniño será sempre un modelo de como se logra o benestar e o desenvolvemento.

Centrándome agora no proxecto político gustárame apuntar unha serie de cuestións importantes: A participación cidadá seguirá sendo o eixo vertebral e transversal do noso proxecto político que se fundamenta no convencemento de que a maior participación, maior calidade democrática. A participación como instrumento de democracia real, de transformación social, de inclusión, de profundización e radicalización da democracia, é un principio irrenunciábel para unha forza política de esquerdas. A información das institucións públicas debe ser accesible aos cidadáns e, ao mesmo tempo, as institucións deben ser proactivas no ofrecemento e posta ao dispor desa información para os cidadáns. É importante recalcar o papel esencial dos Servizos Públicos, como factor de corrección de desigualdades e garantía dos dereitos sociais, económicos e culturais da cidadanía. Este seguirá sendo un concello comprometido coa Igualdade, co Benestar, coa Integración, a Cohesión Social, apostando por uns servizos sociais fortes. Comprometo todo o meu esforzo e toda a miña capacidade en continuar fortalecendo o papel do noso Concello como principal axente dinamizador económico e social no Municipio. A veciñanza outorgounos a maioría, pero son un convencido da importancia de que existan consensos básicos, así como o debate político asentado na lealdade e exento de demagogia. E é que creo firmemente que o debate e a discusión de puntos de vista contrapostos é a base da democracia. Un principio que adquire especial relevancia no municipio. E non vos caiba dúbida que apostarei por un Concello aberto, que escoite e dialogue coas diferentes opcións políticas, e que antepoña o benestar dos cidadáns ás discrepancias ideolóxicas. Para canto manifestei, é imprescindible a colaboración, leal e construtiva de todos os concelleiros e concelleiras que conformamos a Corporación Municipal. Aquí, publicamente solicítovola, pois circunstancias sen dúbida difíciles fan que como nunca antes a unidade en torno ao ben común marque este novo mandato por encima de calquera interese partidista. Conto tamén como Alcalde coa eficaz e comprometida labor dos traballadores e traballadoras públicos deste Concello, aos que agradezo, tanto o seu traballo no pasado como o que ao longo do próximos catro anos desempeñarán, porque unicamente a súa responsabilidade laboral é a garantía de conservar e acrecentar os servizos públicos que todos e todas gozamos. Concelleiras, Concelleiros, veciñas e veciños, a maior das honras que un cidadán pode alcanzar é poñer ao servizo da súa comunidade o seu compromiso e o seu esforzo con todos, por todos e para todos, desde a confianza que estes nos outorgan. Por iso con honra e con orgullo recibo a responsabilidade de ser o voso Alcalde, de ser quen representará ao longo do próximos catro anos aos veciños e veciñas de San Sadurniño. Imos traballar



para ser dignos da sorte que temos de representar a todos e a cada un dos nosos veciños e veciñas. A sorte de ser de San Sadurniño, e para min hoxe, a sorte e o orgullo de ser Alcalde do meu povo. Grazas a todos, xentes de ben, pola vosa confianza, moitas grazas."

Seguidamente, o Sr. García Casal, Alcalde-presidente, dá por rematada a sesión ás doce horas e dezaoito minutos, do que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

